REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CLUB DE ATLETISMO RIA FERROL-CONCEPCIÓN ARENAL

ÍNDICE DO REGULAMENTO

Capítulo 1	**Órganos de Representación e de Goberno do Club**	3
	1. 1. O Club	3
	1. 2. A Asamblea Xeral	3
	1. 3. A Xunta Directiva	3
Capítulo 2	**Outros Estamentos do Club**	3
	2.1. Os Socios	3
	2.2. Os Atletas	4
	2.3. Os Adestradores	5
Capítulo 3	**Competicións**	5
Capítulo 4	**Uniformidade**	6
Capítulo 5	**Réxime disciplinario**	6

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Este documento desenvolve o regulamento de réxime interior do Club Atletismo Ría Ferrol - Concepción Arenal, polo que todos os deportistas, adestradores e socios que formen parte da devandita entidade deberán cumprir o establecido neste regulamento.

CAPÍTULO 1: ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E DE GOBERNO DO CLUB

Art. 1. O Club, para o seu bo funcionamento e correcto desenvolvemento, precisa de órganos distintos, suxeitos a certos dereitos e obrigas. Estes órganos teñen a función principal de establecer os obxectivos do Club, así como de facer todo o posible para contar cos medios necesarios para a súa realización. As súas funcións e modo de funcionamento están especificadas nos Estatutos do Club, son:

- A Asamblea Xeral
- A Xunta Directiva

Art. 2. A Asamblea Xeral estará integrada por tódolos seus socios de número.

Art. 3. A Xunta Directiva será designada e revocada libremente polo presidente.

CAPÍTULO 2: OUTROS ESTAMENTOS DO CLUB

Art. 4. Ademais dos órganos de goberno, o Club conta con outro tipo de estamentos imprescindibles para a consecución dos seus fins, que son:

- Os Socios
- Os Atletas
- Os Adestradores

OS SOCIOS

Art. 5. Os dereitos, as obrigacións e a admisión dos mesmos, están especificados nos Estatutos do Club.

OS ATLETAS

Art. 6. O Club poderá contar con atletas que compitan nas categorías Sub8, Sub10, Sub12, Sub14, Sub18, Sub20, Sub23, Sénior e Master, todos eles debidamente federados.

As súas obrigas serán as seguintes:

a) Deberán estar o corrente nos pagamentos.

b) Os deportistas están obrigados a informar ó Club, coa antelación que determine a Xunta Directiva, sobre a renovación das súas licenzas.

c) Os deportistas que, unha vez rematado o prazo de renovación da licenza, desexen renovar a súa, deberán aboar o importe da licenza máis o recargo correspondente.

d) Será obrigatorio competir coa equipación oficial do Club, lucindo a correspondente publicidade dos patrocinadores, así como asistir á entrega de premios coa devandita equipación en tódalas probas pertencentes ó calendario oficial autonómico, nacional ou internacional. En caso contrario, aplicarase unha sanción económica a criterio da Xunta Directiva.

e) Os atletas están obrigados a acudir os chamamentos do Club, de manera especial as competicións por equipos.

f) Os atletas deberán manter informado o Club dos seus datos persoais completos, así como calquera cambio que se produza neles.

g) Nas competicións, os atletas deberán aterse a política e probas que dispoña o Club, xustificando convenientemente a súa non comparecencia nas mesmas.

h) Os atletas deberán levar o DNI e a licenza federativa vixente ás competicións.

i) No transcurso de competición nas que sea necesario pernoctar no lugar das mesmas, os atletas someteranse en todo momento ás normas que estableza o responsable da expedición.

j) Os atletas que abandonen ou cambien de club, deberán comunicar coa suficiente antelación o prazo establecido pola RFEA, para que o Club adopte as medidas oportunas.

k) Os atletas que participen en competicións oficiais e que sexan de pago, deberán realizar o ingreso do importe correspondente no prazo e forma que se indique, do contrario non aparecerán na lista de admitidos. No caso de que o atleta esté admitido nunha competición oficial e non se presentase, a sanción que recae no Club, será pagada polo propio atleta.

l) Os atletas que nas probas oficiais acaden premio e non representen os intereses do Club, ben de forma individual ou como equipo, por exemplo, non utilizar a indumentaria do Club ou non quedándose a recoller o premio na ceremonia de entrega, non podrán optar o premio.

OS ADESTRADORES

Art. 7. Este órgano do Club ten contacto directo cos deportistas, polo tanto, teñen a tarefa de coordinar as distintas competicións nas que participan. Entre as súas funcións destacan as seguintes:

a) Coordinar a formación dos atletas, as súas datas de competición e dedicar todo o tempo posible ó desenvolvemento das súas cualidades.

b) Apoiar sempre que sexa posible ós atletas nas súas competicións e entrenamentos, para que non estén desprotexidos fronte a problemas técnicos e psicolóxicos.

c) Dar unha imaxe positiva do traballo que realiza o Club.

d) Levar a cabo e acatar os acordos acadados nas reunións da Xunta Directiva.

CAPÍTULO 3: COMPETICIÓNS

Art. 8. Os atletas ou adestradores deberán comunicar o Club, dentro dos plazos establecidos e con antelación de al menos 24 horas antes do peche de inscricións, o seu desexo de participar nos diferentes campeonatos e competicións. No caso de non realizar este trámite, o atleta non será inscrito.

Art. 9. No caso de non participar finalmente, deberán comunícalo o Club con al menos 48 horas de antelación sobre o día da proba. No caso de non comunicar a baixa ou non presentarse a competición, o atleta correrá cos gastos da sanción que poida aplicar o organizador. A Xunta Directiva resérvase o dereito de adoptar as medidas sancionadores que considere oportunas.

Art. 10. No caso de competicións no que o atleta formalice directamente a súa inscrición, deberá indicar de forma clara o nome do Club, de non facelo, o Club podrá adoptar as medidas sancionadoras que considera oportunas.

Art. 11. Nas competicións por equipos, o Club será o encargado de seleccionar e inscribir ós atletas nas probas que se consideren máis adecuadas para os resultados que se pretenden acadar.

CAPÍTULO 4: UNIFORMIDADE

Art. 12. O Club disporá dunha equipación oficial que os atletas deberán levar posta en tódalas competición nas que represente o Club. O atleta levará a equipación lucindo a propaganda que corresponda sendo responsable do bo uso da mesma.

Art. 13. O Club non se fai responsable da pérdida, sustracción ou deterioro da equipación, sendo responsable o propio atleta do seu bo coidado. Nestos casos o atleta poderá solicitar unha nova equipación, pero deberá aboar o importe íntegro da mesma ou unha parte dela, agás no caso de deterioro, no que deberá presentar a prenda deteriorada para a súa reposición.

CAPÍTULO 5: RÉXIME DISCIPLINARIO

Art. 15. Estabécese unha Comisión Disciplinaria, formada pola Xunta Directiva, onde podrán sancionar ós distintos estamentos do Club polo incumprimento das normas, sendo proposto por calquera membro do Club ou no caso de que a Comisión Disciplinaria o considere, comenzando co procedemento de aviso ó interesado. Unha vez escoitadas tódalas partes, a Comisión Disciplinaria tomará a decisión de sancionar ou non.

Art. 16. As faltas poder ser leves, graves e moi graves.

FALTAS LEVES

- Faltas de puntualidade inxustificadas ou reiteradas nas salidas as competicións oficiais do Club.
- Non inscribirse en competicións co nome en claro do Club.
- Acudir as competicións oficiais sen a debida documentación.

FALTAS GRAVES

- Comportamento inadecuado dos atletas nas expedicións nas que se pernocte fora do domicilio habitual, desobedecendo as normas establecidas polo responsable da expedición.
- Non vestir a uniformidade do Club nas competicións e nas ceremonias de entrega de premios.
- Non asisitir a ceremonia de entrega de premios. Neste caso o atleta perderá o dereito de participar no premio se é de carácter de equipo e económico.
- Non acudir a competición estando inscrito e sin causa xustificada.
- Conducta indecorosa do atleta ou adestrador no día a día o unas competicións.
- Falta de respeto do atleta ou do adestrador cara o resto de atletas ou a outras persoas.

FALTAS MOI GRAVES

- A reiteración de faltas durante unha temporada (1 leve + 1 grave ou 2 graves).
- Calquera conducta agresiva e violenta.
- A falta de respeto ós membros da Xunta Directiva.

Art. 17. A comisión Disciplinaria, impondrá a quen cometa unha das faltas expresadas anteriormente, a sanción que considere adecuada, atendendo a súa gravedade. Os diferentes tipos de faltas sancionaránse atendendo os seguintes puntos:

FALTAS LEVES

- Apercibimento verbal ou por escrito.
- A non financiación de desprazamentos para competir.
- A non inscrición a determinados campeonatos oficiais.

FALTAS GRAVES

- Sanción económica hasta un máximo de 100 euros.
- Expulsión temporal do Club.

FALTAS MOI GRAVES

- Pérdida da condición social no Club.
- Baixa transitoria do Club.
- Baixa definitiva do Club.

Art. 18. O Club, a través da Xunta Directiva, resérvase o dereito de non incorporar ou renovar no mesmo, a algún atleta, socio ou adestrador, que o desexe, por motivos de conducta ou algunha outra razón que poidera danar a imaxe do Club.

Esta normativa de réxime interno foi aprobada na reunión da Xunta Directiva.

O Presidente

A Secretaria